

Proxecto Educativo de Centro

EOI da Coruña

INDICE:

1. Introducción.
2. Descrición da contorna social, cultural e económica.
 - 2.1. Sede Central.
 - 2.2. Extensión de Arteixo.
 - 2.3. Extensión de Carballo.
 - 2.4. Extensión de Cee.
 - 2.5. Extensión de Culleredo.
3. Obxectivos da escola para dar resposta as necesidades da súa contorna, promover o uso da lingua galega, para a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para a mellora da propia escola.
4. Medidas e recursos de organización e de xestión para a consecución dos obxectivos establecidos.
5. Relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos.
6. Oferta formativa.
 - 6.1. Cursos ordinarios.
 - 6.2. Enseñanza semipresencial.
 - 6.3. Cursos de destrezas para o público xeral ou con fins específicos.
 - 6.4. Cursos de actualización e especialización para o profesorado (CALC)
 - 6.5. Ensinanza a distancia (programa “That's English”).
 - 6.6. Cursos de linguaxe administrativa e CELGA.
 - 6.7. Alumando libre
 - 6.8. Actividades Asociación Mar de Linguas-Aspalex.
7. Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico.
8. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.
9. Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción de idiomas.
10. Directrices para o adecuado funcionamento das titorías.
11. Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
12. Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión da escola.
13. Plan de promoción da EOI.

1. Introducción.

Este proxecto educativo é unha proposta global e colectiva de actuación a medio prazo que ten en conta as características da contorna social, cultural e económica nas que está situada a Escola Oficial de Idiomas (EOI) da Coruña, incluídas as súas extensións.

O obxectivo deste documento é amosar as características singulares do noso centro, contextualizar as súas actuacións e establecer mecanismos de coordinación e actuación pedagóxica para asegurar que se satisfagan as necesidades de aprendizaxe de idiomas das persoas usuarias. Asemade, define os obxectivos particulares que a EOI se propón acadar, partindo da súa realidade e tomando como referencia a seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 8/1985 reguladora do dereito á educación.
- Lei 2/2006, lei orgánica de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE).
- Real Decreto 1041/2017 que ordena as exixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas.
- Decreto 81/2018 que establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2 intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.
- Decreto 189/2010 que establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas (ROC).
- Orde do 5 de agosto de 2011 que desenvolve o Decreto 189/2010 e regula a organización e acceso ás ensinanzas de réxime especial.
- Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 85/2007 que crea e regula o observatorio da convivencia escolar.
- Decreto 74/2011 que regula a formación permanente do profesorado.
- Plan de actuación na igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

- Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Proxecto Educativo da Escola Oficial de Idiomas da Coruña baséase nos principios de non discriminación e multiculturalidade como valores fundamentais das Escolas Oficiais de Idiomas, expón os sinais de identidade da escola e explicita o ensino que desexa e vai desenvolver e os obxectivos e prioridades de actuación, moi especialmente aqueles que fan do noso centro e as súas seccións elementos dinamizadores das zonas onde están situadas.

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña é un centro docente público que imparte as ensinanzas de idiomas de réxime especial establecidas no artigo 59 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

A nosa finalidade é capacitar o noso alumnado, maioritariamente adulto, para o uso efectivo das linguas que impartimos e mais acreditar a súa competencia nas mesmas, co obxectivo de fomentar o plurilingüismo entre a poboación, a aprendizaxe e formación permanentes e o respecto e recoñecemento da diversidade lingüística e cultural.

A súa organización e funcionamento recóllese no Regulamento Orgánico das Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia que establece o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, desenvolvido pola Orde do 5 de agosto de 2011, e concrétanse nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

A EOI da Coruña, xunto coas demais Escolas Oficiais de Idiomas galegas, depende da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e fai parte da rede de EOI de todo o Estado.

O noso centro comezou a súa andaina no curso académico 1973-74, atendendo á gran demanda que existía na sociedade. Alén da sede central na Coruña (Cidade Escolar), onde se imparten ensinanzas de alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés, conta con catro extensións: Arteixo, Carballo, Cee e Culleredo.

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña, con código de centro 15023132, está situada na zona chamada Cidade Escolar, e linda ao norte coa rúa Educación,

ao sur co edificio “Normal”, ao leste co Conservatorio Profesional de Música e IES Salvador de Madariaga, e ao oeste co edificio onde se atopa a UNED, o CFR e EPA, o IES Rafael Dieste e o Conservatorio Superior de Música. Consta dun edificio de 4 plantas, cunha altura de 12 m, con ocupación para actividades educativas e cunha superficie de forma irregular duns 5000 m², onde se atopa a vivenda do conserxe e cafetaría ademais das instalacións habituais nun centro de estudos: conserxería, oficina de secretaría, despachos, departamentos, 33 aulas, 2 laboratorios de idiomas, sala de radio e multimedia, salón de actos e biblioteca.

2. Descrición da contorna social, cultural e económica.

2.1 Sede central da Coruña

Características xeográficas

A Coruña é unha cidade situada no noroeste de Galicia e bañada polo océano Atlántico, nas Rías Altas. É a capital da provincia da Coruña e a cabeza da súa comarca, que ademais do seu propio concello inclúe os de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. Despois de Vigo, A Coruña é o concello máis poboado de Galicia cuns 250.000 habitantes e é tamén o concello con máis densidade de poboación con 6449,32 hab/km².

A cidade é sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, da Delegación do Goberno en Galicia, da Real Academia Galega, do Arquivo do Reino de Galicia e da Forza Loxística Operativa. Foi sede da Real Audiencia de Galicia e capital de Rexión Militar ata a súa desaparición en 2002.

O seu emprazamento é privilexiado, xa que se ergue sobre un promontorio na entrada dunha ría nun amplo golfo, o *Portus Magnus Artaborum* dos xeógrafos clásicos. O centro da cidade espállase sobre unha península unida a terra firme por un estreito istmo, no que presenta dúas fachadas marítimas distintas: a portuaria (cara á ría da Coruña), de augas tranquilas, e outra de mar aberto, cara á enseada do Orzán, onde se atopan as praias urbanas de Riazor e Orzán.

Unha das características máis notables que identifican A Coruña constitúena as múltiples e variadas galerías ou miradoiros que presentan nas súas fachadas numerosas casas do século XIX, que deron á Coruña o sobrenome de *Cidade de Cristal*, sen esquecer as súas numerosas praias así como o contorno rural, que ofrece múltiples posibilidades de lecer.

Sociedade e economía

O termo municipal da Coruña é o pulmón dos sectores comercial e de servizos de toda a área metropolitana e a máis importante área nestes dous aspectos de toda Galicia e do noroeste peninsular.

Estes dous sectores representan máis das tres cuartas partes da totalidade da actividade económica do termo municipal. Os sectores da industria e da construción incrementaron a súa participación económica na cidade nos últimos anos; non obstante a súa localización xeográfica radica principalmente nos municipios situados na área metropolitana.

Industria

Nos seus límites locais, a cidade conta con dous polígonos industriais: o da Grela-Bens, cunhas 600 empresas, e o de Pocomaco-Vío, que dá servizo a unhas 400 empresas. Na área metropolitana están situados outros importantes polígonos, principalmente na zona suroeste (Arteixo e Culleredo), como o Polígono de Sabón, que alberga a sede central da multinacional téxtil Inditex e a central térmica de Sabón, entre outras industrias. Outros polígonos destacables da área metropolitana son os de Alvedro, A Barcala, Meicende e Espírito Santo.

Os grandes motores industriais dentro dos límites municipais son a refinería de petróleo de Repsol, inaugurada en 1964, e a metalúrxica de aluminios.

Comercio

A zona comercial tradicional está situada no barrio da Pescadería, especialmente na rúa Real. Esta rúa peonil segue a ser un dos principais eixes comerciais e de lecer da cidadanía coruñesa. Na mesma área existen outras arterias comerciais como as rúas de San Andrés e do Orzán. Destacan tamén as rúas Juan Flórez e Federico Tapia, arredor da praza de Lugo. Outras zonas comerciais son a rúa Barcelona, rúa peonil da Agra do Orzán ou a zona de Catro Camiños onde se atopa o que foi o primeiro gran centro comercial da cidade.

A Coruña conta cunha rede de mercados municipais formada por oito instalacións espalladas por distintos barrios onde se poden comprar produtos frescos da contorna entre os que destacan o peixe e marisco.

A principios do século XXI ampliouse o número de grandes centros comerciais situados xa na periferia.

Cultura

A cidade da Coruña conta cunha grande oferta cultural na que destacan varios museos: os Museos Científicos Coruñeses (Casa das Ciencias, Domus e Aquarium Finisterrae), Museo Arqueolóxico, Museo de Belas Artes así como espazos expositivos como son a Fundación Luís Seoane, a Fundación Barrié de la Maza ou o Kiosko Alfonso. Conta ademais con centros culturais como son os Teatros Colón e Rosalía ou o Centro Ágora.

Non podemos esquecer a Rede de Bibliotecas Municipales infantís e xuvenís da cidade situadas en varios barrios, como son a Biblioteca do Fórum, Biblioteca de Estudos Locais e as bibliotecas pertencentes a Universidade da Coruña.

2.2. Extensión de Arteixo

Características xeográficas.

O Concello de Arteixo está situado no extremo occidental do golfo Ártabro, preto da Coruña. Linda ao norte co Océano Atlántico e ao norleste co Concello da Coruña, ao sur e suroeste co Concello da Laracha e ao leste co Concello de Culleredo.

Ten unha extensión de 9.350 hectáreas e comprende trece parroquias: San Martiño de Suevos (1), Santa María de Pastoriza (2), San Tirso de Oseiro (3), Santo Estevo de Morás(4), Santa María de Loureda(5), Santiago de Arteixo(6), Santa Mariña de Lañas(7), Santo Estevo de Larín(8), San Pedro de Armentón(9), San Tomé de Monteagudo(10) , Santa Baia de Chamín(11), San Pedro de Sorrizo(12) e San Xian de Barrañán(13), sendo o seu número de habitantes de 31.239 persoas, que se agrupan fundamentalmente nos núcleos de Arteixo, Vilarrodís, Galán, Pastoriza e Meicende.

O relevo destaca polo contraste de zonas áridas con verdes vales abrigados por cortadas ladeiras. A costa presenta unha harmónica conxunción de montaña e mar. De oeste a leste, esténdese desde o regato de Augacai á Punta Lagosteira, conta cos portos de Sorrizo e Suevos e cos grandes areas do Raeiro, Barrañán, Valcovo, O Rañal e Alba.

Dúas estradas e unha autovía penetran no municipio proveñentes da Coruña; a vella que vai por Meicende, Pastoriza e Oseiro e a outra por A Grela (C-552) confluíndo as dúas no Seixedo, onde conflúen asemade, a autovía Arteixo-Lugo-Madrid (A-6) e a autoestrada A Coruña-Carballo (A-55).

Poboación.

Hai 32.894 habitantes no concello de Arteixo no ano 2021, poboación que leva anos en aumento e que practicamente ten agora os mesmos habitantes que Carballo.

Clima e bioxeografía.

O clima en Arteixo é cálido e temperado. En inverno hai en Arteixo moita máis chuvia que en verán. A temperatura media en Arteixo é 14,3 ° C. A precipitación media aproximada é de 1043 mm. O tipo atlántico responde mellor ás súas características que, en xeral, poden resumirse en invernos chuviosos e suaves xunto cuns veráns pouco cálidos nos que poden aparecer períodos de choivas e nubes.

Industria.

O concello dispón dun dos polígonos industriais máis importantes de Galiza: o polígono de Sabón, que conta cuns 3 millóns de metros cadrados, máis de 100 empresas e dá emprego directo a máis de 4.500 persoas.

No concello ten a súa sede o primeiro grupo téxtil do mundo, *Inditex*, así como a súa filial máis importante, *Zara*, e as súas subfiliais *Kiddy's Class* e *Zara Home*.

Posúe ademáis minas de estaño, titanio e volframio. Entre o término municipal da Coruña e Arteixo está situada unha refinería de Repsol así como industrias asociadas.

Na península de Punta Langosteira está xa rematado o porto exterior da Coruña, un dos portos máis grandes de España cun dique duns 3,5 km de lonxitude.

Comercio.

No Concello de Arteixo pódese gozar das compras nun ambiente agradable xa que está cheo de comercios de grande vistosidade onde atopar ese trato amable e próximo que ofrece o pequeno comercio.

A maior parte do comercio de Arteixo únese no Arteixo CCA (Centro Comercial Aberto), que proxecta ao longo do ano diferentes actividades para que as

compras en Arteixo se convirtan nun atractivo máis para visitar o Concello. Arteixo CCA representa cerca de 90 establecementos formados por comerciantes, hosteleiros e profesionais, convencidos de que unir forzas é a maneira mellor de lograr un pobo máis sostible e dinámico, necesidade fundamental para o correcto desenvolvemento das súas actividades comerciais e profesionais.

2.3. Extensión de Carballo.

Característica xeográficas

Carballo é un concello da provincia da Coruña, pertencente á comarca de Bergantiños. Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2020 tiña 31.429 habitantes.

O concello ten 187 km² e é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña. O termo municipal sitúase entre os primeiros cumios das serras de Soneira e Montemaior. Limita ao sur con Val do Dubra, que separa ámbalas formacións montañosas, ao oeste cos concellos de Coristanco, Ponteceso e Malpica de Bergantiños, ao norte, co océano Atlántico, mentres que ao leste linda cos concellos da Laracha e Cerceda.

Clima e bioxeografía

As temperaturas son mornas durante o verán e frescas no inverno, con isotermas de 17,5 °C no mes de xullo e de 7,5 °C no mes de xaneiro. A media anual é lixeiramente inferior á que lle correspondería tendo en conta a súa latitude.

Entre os accidentes xeográficos cómpre salientar o monte da Peniqueira e do Castro, Monte Calvelo e Monte Alto. O río Anllóns, anteriormente chamado río Ber, atravesa o término municipal de sueste a oeste formando o val do Anllóns. Na canle dun dos seus afluentes, o río Taboada, fórmase a fervenza de Entrecruces.

Ao norte, xa próximos á costa, están os montes de Lendo, Oza e Monte Neme. Especialmente salientable pola súa importancia ecolóxica e paisaxística é a franxa costeira de Razo - Baldaio, integrada por unha serie de marismas, unha lagoa e longos areais litorais.

Industria e Comercio

Carballo é motor económico da comarca da Bergantiños. Conta cunha privilexiada situación xeográfica, como cruce de camiños entre a Costa da Morte, Santiago e a cidade da Coruña, que está a menos de 30 quilómetros e a uns vinte minutos de autoestrada. É o núcleo do tramado comercial e de servizos da comarca, así como o seu corazón empresarial e industrial. Carballo conta así mesmo con empresas, como *Conservas Calvo*, que levan o nome do concello por todo o mundo.

Carballo destaca, sobre todo, polo seu espírito "*feirante*", pola súa vocación comercial. Os baixos da vila están cheos de pequenos comercios, de tendas de proximidade e de negocios de hostalaría, que teñen o seu forte na relación de confianza coa clientela.

A súa feira é das máis concorridas da bisbarra, e a ela acoden as labregas e labregos da contorna cos produtos dunhas terras coñecidas pola súa fertilidade. O seu mercado, con instalacións modernas, funcionais e recentemente reformadas, é un excelente escaparate de produtos alimentarios extraídos dos campos e da costa da bisbarra.

A industria de Carballo destaca en sectores como o plástico, o metal, a maquinaria agrícola, as conservas ou o automobilismo.

2.4. Extensión de Cee

Características xeográficas. Poboación. Clima e bioxeografía. Industria.

Comercio.

Cee é un concello da provincia da Coruña cunha superficie de 54,2 km² pertencente á comarca de Fisterra. Segundo o IGE, a súa poboación no 2021 era de 7.568 habitantes, distribuídos en seis parroquias: A Ameixenda, Brens, Cee (que no seu núcleo urbano aglutina preto de 3.600 habitantes), Lires, A Pereiriña e Toba.

Xeografía

O concello sitúase na costa atlántica, estando protexido dos ventos do oeste polos cumios de Setes Grises, Alto das Penas e os montes de Quenlle. Está delimitado polo río Castro, a ría de Cee ata as proximidades do Ézaro, e a propia Costa da Morte.

Climatoloxía

O clima de Cee é temperado e húmido, propio da costa noroccidental galega.

Historia

Hai abondosa documentación sobre Cee no século XVI, momento en que tiña moita importancia a pesca, especialmente a de cetáceos. Foi entón cando se construíu a igrexa parroquial, de estilo gótico tardío. O templo foi reconstruído logo da desfeita provocada polos franceses na Guerra da Independencia Española, conservando algunhas partes da edificación primitiva.

Economía

A poboación ocúpase principalmente da pesca, agricultura e comercio. Ademais do comercio permanente da vila, celébrase un mercadillo todos os domingos dende hai máis dun século.

Ferroatlántica é unha empresa que dá traballo na zona e ten actualmente tres fábricas en Galicia e seis centrais hidroeléctricas. Dúas das fábricas están na Costa da Morte, nos concellos de Cee e Dumbría.

2.5. Extensión de Culleredo

Características xeográficas. Poboación. Clima e bioxeografía. Industria. Comercio.

Localización e análise socio-demográfico da contorna

O Municipio de Culleredo ocupa unha franxa central dentro da Comarca das Mariñas, limitando cos concellos de Arteixo, Cambre, Carral e Oleiros, e fóra da comarca con Cerceda, A Laracha e A Coruña. Está integrado no Consorcio das Mariñas e na Área Metropolitana da Coruña.

Sérvelle de comunicación a N-550 estrada a Santiago, Pontevedra e Vigo ou ben pola AP-9; a súa vez, conta coa A-6 en dirección a Arteixo, Lugo ou Madrid, ademais de ter o emprazamento do aeroporto de Alvedro.

Ao longo dos seus 62,3 Km², o municipio de Culleredo está repartido en 11 parroquias, 3 delas de carácter urbano que acaparan a meirande parte da poboación, e 8 rurais.

Conta cunha poboación empadroada de 30.402 habitantes a data xaneiro de 2019, tendo unha densidade de poboación de 481 habitantes por Km², sendo unha das máis altas da comarca. É un municipio cun crecemento demográfico dos maiores de Galicia. Este ano o ritmo de crecemento baixou de 1000 a 300 novos habitantes ao ano.

Esta situación provoca que Culleredo conte coas seguintes características poboacionais

- Asentamento de nova poboación polas características de vivenda máis asequible.
- Poboación relativamente xove comparada coa media galega: media idade 41,5 anos.
- 4.298 persoas son maiores de 65 anos.
- 54,53 % da poboación é de procedencia estranxeira.
- 5,7% da poboación con certificación de minusvalía.
- Asentamentos de minoría étnica xitana.

Análise da situación socio-económica

Como indicadores máis relevantes destacar os seguintes:

- Renda per cápita na media da Comunidade Autónoma pero con tendencia á baixa.
- Taxa de paro rexistrado elevada
- Conta con 3 polígonos industriais de relevancia: Alvedro, Almeiras e Ledoño.
- Crecemento empresarial a nivel do sector servizos e da diminución na construción.
- Sector primario con tendencia á desaparición.
- Forte influencia da cidade da Coruña.
- Crecemento da poboación con necesidades socioeconómicas dependentes de prestacións económicas.

3. Obxectivos da escola para dar resposta ás necesidades do seu contorno, para promover o uso da lingua galega, para a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para a propia mellora da escola, e as prioridades de actuación.

Para dar resposta ás necesidades e demandas de coñecemento, formación, capacitación e certificación no uso de linguas, a nosa escola dispón dunha oferta educativa completa e flexible (ver punto 6), adaptada ás necesidades sempre dentro do marco normativo e suxeita á dispoñibilidade de persoal e espazo que dispoña a administración educativa galega, e consonte os seguintes obxectivos:

A) Obxectivos do centro

- Promover un centro activo no que se fomente e apoie a participación dos diferentes sectores da comunidade educativa na vida e goberno do mesmo.
- Impulsar o funcionamento dos órganos de goberno e coordinación de forma dinámica e eficaz, favorecendo a reflexión, o consenso e o respecto na toma de decisións e outorgando ao mesmo tempo aos diferentes órganos de goberno, unipersoais e colexiados, a autonomía precisa.
- Organizar e xestionar un centro público de aprendizaxe de linguas modernas avanzado e eficiente, en que a planificación e optimización dos recursos humanos e materiais estea á disposición dunha oferta educativa ampla e axustada aos intereses e demandas sociais.
- Impulsar a participación de todo o persoal en actividades que favorezan a súa formación e fomentar a incorporación ao centro de programas institucionais, de ámbito galego, estatal e europeo, e proxectos de innovación pedagóxica e de mellora continua.
- Promover a igualdade entre mulleres e homes a través de medidas inclusivas, colaborativas e non discriminatorias.

B) Obxectivos de xestión

- Fomentar unha xestión eficaz e transparente na que participen e debatan todos os sectores integrantes da comunidade escolar, empregando as canles establecidas para este fin, estudando as prioridades e facendo públicas as decisións tomadas.
- Impulsar a eficacia e a axilidade na consecución de todos os procesos administrativos e de xestión do centro, facilitando deste xeito calquera trámite tanto ao alumnado como ao persoal do centro.
- Procurar a mellora continua do funcionamento das canles de comunicación existentes para favorecer a difusión da información do centro, tanto da recibida como da xerada.
- Facilitar á comunidade educativa toda a información sobre os seus deberes e dereitos.

- Manter a xestión académica e administrativa informatizada.

C) Obxectivos humanos e de recursos

- Fomentar as vías e hábitos de participación e integración dos diferentes sectores da comunidade escolar empregando as canles establecidas para estes efectos e propiciar un clima de traballo agradable e cordial en que se favoreza sempre o respecto mutuo e o diálogo como o mellor instrumento para solucionar conflitos.
- Animar á participación das persoas integrantes dos diferentes colectivos en cursos ou calquer outro tipo de actividade de formación permanente que repercuta positivamente na calidade e atención do seu traballo, ao mesmo tempo que faciliten unha atmosfera axeitada para consolidar a actualización e renovación continuas dos profesionais que traballan no noso centro. Favorecer o intercambio de técnicas, ideas e metodoloxías sobre o uso das tecnoloxías entre o persoal do centro.
- Manter un calendario de actividades culturais e de promoción do idioma que contribúa ao enriquecemento da vida escolar e que fomente unha dimensión máis humana, amena e participativa no centro, favorecendo a participación do alumnado nas mesmas. En dito calendario poderase incluír calquera actividade axeitada en colaboración con outras institucións e organismos da contorna.
- Optimizar o uso das instalacións, os recursos e a tecnoloxía existentes no centro tendendo a estender ao máximo a súa utilización e racionalización e a promover a reciclaxe de materiais diversos, priorizando en todo momento a renovación e ampliación tecnolóxica de ditos medios para logramos un centro moderno e eficaz no ensino e aprendizaxe de idiomas.

Obxectivos pedagóxicos

- Desenvolver actitudes positivas cara á diversidade lingüística e o pluralismo cultural estatal, europeo e mundial.
- Sensibilizar o alumnado sobre a importancia do estudo dos idiomas modernos, para promover o seu desenvolvemento persoal, cultural, profesional e laboral.

- Capacitar o alumnado na habilidade e uso efectivo dos idiomas como vehículo de comunicación, tanto na súa forma falada como escrita, dando prioridade ao “uso pragmático” da lingua, tal e como se indica no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas e na normativa estatal e galega ao respecto, de maneira que lles permita levar a cabo calquera función comunicativa á que se enfronten de xeito satisfactorio e eficaz.
- Fomentar o coñecemento da realidade xeográfica, histórica, económica, social, cultural e institucional dos territorios cuxa(s) lingua(s) se estuda(n).
- Desenvolver estratexias comunicativas en diferentes áreas de comunicación.
- Desenvolver estratexias para a aprendizaxe autónoma e continua de linguas, que poidan facilitar o uso do idioma no exercicio de actividades profesionais e noutros ámbitos da cultura ou de interese persoal.
- Potenciar o uso das TIC dentro e fóra da aula entre o alumnado e aproveitar os recursos que ofrece a internet para a autoaprendizaxe.
- Poñer a disposición do alumnado con dificultades de tipo físico ou psíquico as adaptacións e medios necesarios para a súa integración.

Promoción de igualdade entre mulleres e homes

Para dar cumprimento aos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, a EOI fará súas as especificacións alí recollidas relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación, en especial, nun centro como o noso, son os seguintes:

- A comprensión do valor democrático da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención sen que, en caso ningún, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- O enriquecemento do contido curricular coas achegas ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

- Non se admitirán no centro docente as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

Promoción do uso da lingua galega.

En canto á promoción do uso da lingua galega, e consonte o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, o noso centro educativo debe participar na revalorización e uso da lingua galega en todos os ámbitos.

Consideramos que o fomento do galego nun centro como o noso ao que acoden alumnos e alumnas adultos de todas as idades é importante, por atinxir un colectivo que a miúdo se atopa afastado de calquera outro tipo de institución educativa.

Considérase moi positiva a presenza no ENDL de representantes de diferentes departamentos didácticos da EOI e un dos obxectivos principais do ENDL é acadar a maior implicación posible de todos os membros da comunidade escolar.

Cómpre destacar que na Escola Oficial de Idiomas está en galego toda a documentación administrativa do Centro, o rotulado, as comunicacións escritas co alumnado e con outras institucións e a páxina web; todas as reunións e actividades organizadas polo equipo directivo desenvólvense en galego (reunións do claustro e do Consello Escolar, reunións informativas, actividades extraescolares...); e o galego é, en xeral, a primeira lingua de relación co alumnado por parte do persoal non docente.

4. Medidas e recursos de organización e xestión para a consecución dos obxectivos establecidos.

Para acadar os obxectivos previstos, o noso centro conta con dous tipos de recursos: dunha banda, os recursos humanos, constituídos polo alumnado, o profesorado, o equipo directivo e o persoal non docente; e doutra, os recursos materiais, constituídos polas propias instalacións, o equipamento do centro e as achegas económicas da Consellería para gastos de funcionamento.

Contando con todos eles, a escola establece as seguintes medidas e liñas prioritarias para a consecución dos obxectivos establecidos previamente:

No espazo administrativo:

- Potenciar o traballo dos departamentos didácticos e da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) por medio da planificación de reunións periódicas.
- Ordenar o réxime administrativo da escola por medio da elaboración dun programa anual de xestión que recolla a planificación da actividade administrativa, a elaboración dun manual de procedementos de consulta rápida, o establecemento dun reparto de tarefas preciso e ben delimitado entre o persoal administrativo e o afianzamento do reparto de tarefas entre o persoal subalterno.
- Reordenar e mellorar o arquivo de certificacións de nivel e outras certificacións e establecer un protocolo diferenciado para a sinatura e entrega das mesmas.

No espazo de innovación:

- Diseñar un plan de impulso á motivación do alumnado fóra da aula.
- Elaborar un plan de mellora da calidade continua.
- Impulsar a aplicación das novas tecnoloxías da educación no ensino e aprendizaxe de linguas, mellorando a autonomía e capacidade de autoaprendizaxe do alumnado.
- Elaborar e pór en práctica un plan de innovación e investigación educativa e formación do profesorado, con actividades que versen, principalmente, sobre temas relacionados coas tecnoloxías da información e a comunicación (ensinanza en liña, elaboración de materiais de aprendizaxe multimedia, emprego do pantallas interactivas) e outros que sexan de interese do profesorado na mellora da súa práctica docente e co obxectivo posto na calidade e excelencia docentes e, asemade, un plan de Programas Europeos.
- Crear bancos de materiais didácticos compartidos, elaborados polo profesorado con recursos materiais e humanos da escola, para potenciar o traballo en equipo e a coordinación entre cursos e niveis.

No espazo da integración:

- Crear ámbitos de colaboración no Consello Escolar e o Claustro que faciliten a toma de decisións participativas tocante á toma de decisións ou á elaboración e/ou revisión dos documentos do centro.
- Potenciar a comunicación interior e exterior optimizando en todo momento as posibilidades que ofrece a páxina web e as redes sociais.

No espazo executivo:

- Elaborar e/ou revisar os documentos do centro.
- Controlar o seguimento dos acordos tomados nos distintos momentos e documentos.
- Revisar e actualizar o inventario, tanto o xeral do centro, como o dos departamentos, recolocando os recursos se for preciso.
- Manter ao día a catalogación do material bibliográfico da biblioteca e promover a coordinación da persoa encargada da biblioteca co profesorado con horario na mesma. Organizar sesións informativas sobre o proceso de catalogación. Empregar os diferentes recursos para divulgar a información.
- Facer seguimento dos resultados académicos despois de cada período de avaliación.
- Elaborar un plan de avaliación interna da escola para ter un mellor coñecemento do proceso educativo e propiciar a reflexión sobre a actividade docente e o servizo ofrecido.
- Alén de supervisar a organización de actividades culturais e de promoción de idioma dos distintos departamentos, fomentar a participación do profesorado e alumnado en ditas actividades e coordinar o deseño dun plan de actividades interculturais que impliquen todos os idiomas que se imparten na escola, seguindo as directrices marcadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Medidas para a atención á diversidade.

A atención á diversidade é o conxunto de accións educativas que tentan dar resposta ás necesidades do alumnado do centro e, entre eles, a aquelas persoas que requiren unha actuación específica por mor de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación

lingüística, de comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso das EOI, as actuacións máis cotiás son as que se refiren por unha banda ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, e por outra aos que teñen algún tipo de discapacidade física, sensorial (fundamentalmente, problemas de vista ou audición) ou psíquica. Cómpre ter en conta que tamén podemos atoparnos con alumnado con altas capacidades intelectuais, así que hai que ter en conta o establecido no RD 943/2003.

Alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma.

As probas de clasificación e os sistemas de acceso directo deberían asegurar unha homoxeneización dentro dos mesmos cursos en canto ao nivel. Porén, parte do alumnado non realiza as primeiras e, no tocante aos segundos, as titulacións e certificados que dan acceso a un determinado curso son diversas en canto a nivel, e a isto hai que engadir a diversidade derivada do tempo que haxa que a persoa cursou eses estudos.

Cómpre realizar actividades de ampliación e reforzo sempre que for necesario. A inclusión de actividades de reforzo dentro da aula é fundamental para solucionar o problema dos alumnos con distintos ritmos de aprendizaxe, de maneira que os menos avanzados teñan a posibilidade de reforzar certas áreas, e os máis avanzados dispoñan de material extra.

Tamén no traballo para a casa é importante programar actividades de reforzo, para proporcionarlles aos alumnos con menor competencia práctica adicional en aspectos da lingua que aínda non dominan, e actividades de ampliación, para que o alumnado máis avanzado continúe a progresar.

A programación de aula debe incluír todo este tipo de material adicional para o alumnado que necesite esta axuda extra para acadar os obxectivos, e para as persoas que necesitan avanzar máis rapidamente.

Alumnado con algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial.

Deberase atender o alumnado con necesidades educativas especiais facendo as adaptacións necesarias co fin de compensar as dificultades que teñan para alcanzar os obxectivos. Estas adecuacións establécenas os distintos órganos

da comunidade educativa. En xeral, tratarase de que o alumnado con calquera tipo de discapacidade se sinta totalmente integrado.

A organización, aplicación e avaliación das probas, así como a actividade lectiva, basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, e aplicaranse aquelas medidas que sexan necesarias para a súa adaptación ás necesidades específicas deste alumnado, consonte ás indicacións que se propoñan por parte do equipo de orientación provincial.

5. Relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos.

O noso centro pretende ser unha institución aberta á colaboración e cooperación con outras institucións, organismos ou entidades que redunden na mellora da formación do persoal e o alumnado do centro, que ofrezan posibilidades de difusión e/ou participación en actividades culturais ou de promoción de idiomas, e que, en definitiva, poidan repercutir positivamente á hora de cumprir os obxectivos previstos neste proxecto educativo. Entre eles:

- A Consellería, a Xefatura Territorial e o Servizo de Inspección Educativa.
- Servicio español para la internacionalización de la educación (SEPIE):
- O Concello de A Coruña, que conta cun representante no Consello Escolar do centro, e os concellos onde están situadas as seccións.
- O Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).
- O Centro de Formación e Recursos (CFR) da Coruña
- As demais Escolas Oficiais de Idiomas galegas e do Estado.
- A Asociación de Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia (APEOIGA).
- A Federación Estatal de Asociacións de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas.
- Centros e institucións europeas cos que desenvolver conxuntamente programas educativos europeos.
- Centros cívicos municipais: Labañou, Ágora.

6. Oferta formativa.

6.1. Cursos ordinarios.

Na EOI da Coruña ofrécense cursos ordinarios das seguintes linguas: alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, galego, francés, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés. O plan de estudos pódese ver nesta táboa (os sombreados en gris non se están a ofertar):

IDIOMA	Básico A2	Intermedio B1	Intemedio B2	Avanzado C1	Avanzado C2
Árabe	A1+A2	B1.1+B1.2+B1.3	B2.1+ B2.2		
Alemán	A1 + A2	B1.1 + B1.2	B2	C1.1+ C1.2	C2
Chinés	A1, A2.1 + A2.2	B1.1+B1.2+B1.3	B2.1+ B2.2		
Español para estranxeiros	A2	B1	B2	C1	C2
Francés	A1+A2	B1	B2.1+ B2.2	C1.1+ C1.2	C2
Galego	A2	B1	B2	C1	C2
Inglés	A1+A2 A1- A2	B1	B2.1+ B2.2	C1.1+ C1.2	C2
Italiano	A1+A2 A1- A2	B1	B2.1+ B2.2	C1.1+ C1.2	C2
Portugués	A2	B1	B2	C1	C2
Ruso	A1+A2	B1.1+B1.2	B2.1+ B2.2		
Xaponés	A1, A2.1 + A2.2	B1.1+B1.2+B1.3	B2.1+ B2.2		
Certificacións	Nivel A2	Nivel B1	Nvel B2	Nivel C1	Nivel C2

Ao final de cada un dos niveis o alumnado obtén o certificado correspondente aos niveis do MCERL especificados na táboa.

Os cursos ordinarios poden ser:

- anuais: 120 horas de duración de setembro a xuño repartidas en dúas sesións semanais de 2 horas.
- intensivos: 120 horas de duración, de setembro a febreiro ou de febreiro a xuño. Teñen 8 horas de clases á semana e fan dous cursos nun só curso académico.
- integrados (só no caso de español, galego e portugués) 120 horas de duración de setembro a xuño, repartidas en dúas sesións semanais

de 2 horas. Nestes cursos impártense os contidos correspondentes aos cursos A1 e A2 nun nivel.

6.2. Ensinanza semipresencial.

O ensino semipresencial introduciuse na EOI no curso 2019-20. Durante o curso 2018-19 crearonse grupos de traballo para crear materiais para este tipo de ensino e no curso 2019-20 comezouse cos niveis B2.1, C1.1 de inglés e C1.1 de francés. No curso 2020-21 implantouse o curso B2.2, C1.2 e C2 de inglés e C1.2 de francés. Nos vindeiros cursos irán aumentando a oferta doutros niveis e lingua.

6.3. Cursos de destrezas, para o público xeral ou con fins específicos.

Estes curso son cursos pensado para a práctica da lingua ou para colectivos específicos e non están suxeitos a exames. Poden ter unha duración de 30, 60 ou 120h.

6.4. Cursos de actualización e especialización para o profesorado (CALC).

Estes cursos están organizados en colaboración cos CFR (Centros de Formación do Profesorado). A oferta pode variar cada curso escolar.

6.5. Ensinanza a distancia (programa “That’s English”).

Estes cursos están organizados polo programa That's English e é un modelo de ensino a distancia no que o alumnado dispón de todo o material para facer pola súa conta e pode asistir de xeito voluntaria a unha titoría presencial, fixada polo centro.

6.6. Cursos de linguaxe administrativa e CELGA.

Estes cursos dependen do departamento de Política Lingüística e a súa oferta varía en cada curso escolar. Son cursos de preparación para a certificación de linguaxe administrativa e no caso dos CELGA, para obter esas certificacións.

6.7. Alumnado libre.

Nas EOIs pódense obter as certificacións correspondentes aos distintos niveis do marco de referencia europea sen asistir a clase, coa modalidade libre. Para iso hai que se matricular como alumno libre e facer os exames correspondentes que teñen lugar en febreiro desde o curso 2021-22.

6.8. Actividades Asociación Mar de linguas - ASPALEX:

Trátase de actividades de teatro, coro e cursos de verán, entre outras.

A asociación de alumnado, profesorado e ex- pode organizar cursos de verán e obradoiros nas instalacións da EOI, previa solicitude.

7. Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico.

Os principios metodolóxicos nos que se basearán as ensinanzas na EOI da Coruña son os dunha escola activa, dinámica, colaborativa, aberta e que contribúe á aprendizaxe ao longo da vida, promove a autoaprendizaxe e o uso das TICs e en continua formación do profesorado.

Os departamentos didácticos seleccionarán os materiais didácticos baseándose en criterios que permitan mellorar o progreso do alumnado cara a adquisición dunha boa base de coñecementos do idioma e asegurando ao mesmo tempo a consecución dos obxectivos do nivel.

Pódense destacar estes principios :

- Fomentar o plurilingüísmo e multiculturalismo, o que repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo.
- Fomentar a autonomía do alumnado desenvolvendo estratexias que favorezan o seu protagonismo no proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o uso das TIC dentro e fóra da aula entre o alumnado.
- Favorecer a participación da comunidade educativa nas actividades culturais e extraescolares.
- Reflexionar sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Realización de tarefas na aula que recreen situacións comunicativas semellante as reais.
- Fomentar unha dinámica de aula que favoreza a interacción comunicativa.
- Atender a diversidade.

8. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.

As programacións didácticas son o instrumento de planificación curricular específico de cada departamento para cada un dos cursos das ensinanzas que se imparten na EOI e serán elaboradas tendo en conta os principios democráticos de igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razón de raza, orixe, nacionalidade, cultura, lingua, relixión, discapacidade, idade ou orientación sexual.

Seguindo coa normativa vixente (Decreto 189/2010), as programacións didácticas incluirán:

- a) Os obxectivos de cada un dos cursos que imparte o departamento.

- b) Os contidos, a súa secuencia e temporalización nos distintos cursos.
- c) Os criterios de avaliación de cada curso, especificando mínimos esixibles para superar os cursos dentro de cada nivel.
- d) Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- e) Os criterios de cualificación que se vaian aplicar.
- f) O enfoque metodolóxico.
- g) Os recursos didácticos, incluídos as tecnoloxías da información e da comunicación, os materiais curriculares e os libros de texto para uso do alumnado.
- h) As actividades culturais e de promoción do idioma programadas polo departamento.
- i) Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e o resultado da súa programación didáctica.
- j) Os procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.

Seguimento das programacións

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen. Temos para iso dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a revisión da programación dun ano escolar para o seguinte, para reformular aqueles aspectos que se consideren oportunos. Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

- Reunións de coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, co fin de adaptala ás necesidades do alumnado e facer os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados co maior éxito.
- Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, unha serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do

alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo.

Todos os aspectos que cómpre reformar consignados na memoria deberán terse en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.

- Estatísticas. Despois de facer a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto do número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.

9. Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción de idiomas.

Correspóndelle á persoa coordinadora de actividades culturais e de promoción de idioma deseñar e elaborar o programa anual das actividades para o que se terán en conta as propostas dos distintos sectores da comunidade educativa e as directrices específicas elaboradas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Á hora do deseño e realización de actividades culturais e de promoción de idiomas, priorizaranse aquelas que teñan un maior impacto na mellora das competencias comunicativas na lingua obxecto de estudo e se desenvolvan nun contexto de máxima inmersión lingüística e que poidan dirixirse a un maior número de alumnado posible. Asemade, atenderase sempre o principio de racionalidade e eficiencia no gasto e fomentaranse as que teñan un carácter multilingüe e multicultural.

A todas as actividades culturais e de promoción do idioma daránselle a maior difusión, tanto a través da páxina web, como nas redes sociais, cartellaría nos lugares do centro habilitados para tal fin, se os houber, ou por medio de notas de prensa, segundo as instrucións ditadas pola vicedirección.

Xunto a estas actividades culturais de promoción do idioma con cargo a fondos propios, potenciarase a participación nos programas educativos europeos.

10. Directrices xerais para o funcionamento adecuado das titorías.

De acordo co Regulamento Orgánico das EOI, cada docente será responsable da titoría do alumnado matriculado nos cursos nos que imparte docencia. En

dito regulamento recóllense as funcións propias da titoría, entre as cales non está a de reforzo de prácticas orais, nin de ningunha actividade de lingua. O profesorado debe dedicar 1 hora presencial ás titorías tendo en conta o seu horario de clase. Nesa hora a persoa titora deberá permanecer no centro. O alumnado libre non conta con ese dereito de atención. A información necesaria pódena atopar publicada na web do centro.

11. Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

As tecnoloxías da información e comunicación (TIC) están a cada paso máis presentes na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou no tempo de lecer, e a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar a esta aprendizaxe multiplícanse de forma exponencial. A internet supón outra forma de estar en contacto coa lingua auténtica, fai entrar o mundo exterior na aula e serve como punto de partida para múltiples actividades.

Parte do noso alumnado está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais: resultarlle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital. Outro tipo de alumnado, aínda que non dominan eses recursos, están interesados en facelo. Polo tanto, resulta conveniente utilizar, ademais dos recursos tradicionais, os que nos ofrecen as TIC, tendo en conta que a EOI está equipada con conexión ADSL, wifi nalgunhas zonas, encerado interactivo e espazos de traballo que permiten tanto o acceso colectivo (durante a clase) como o acceso individual (fóra da aula) aos recursos existentes na rede.

As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas son, entre outras, a motivación (carácter innovador e interactividade), o método e rigor, o traballo a ritmo persoal, a autonomía e a interdisciplinabilidade.

Ademais disto desde o curso escolar 2021-22 hai no centro un plan dixital co obxecto de familiarizar á comunidade educativa das ferramentas dixitais que a Consellería puxo e segue a poñer a disposición dos usuarios.

EQUIPAMENTO NAS AULAS

Todas as aulas están dotadas do seguinte material audiovisual:

- proxector, reprodutor de CD / DVD.
- Sistema de megafonía.

- Encerado interactivo ou pantalla interactiva.
- Ordenador, cañón, conexión a internet e monitor.

12. Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión da escola.

Consonte ao recollido no Regulamento Orgánico das Escolas Oficiais de Idiomas galegas, o noso centro realizará procesos de avaliación interna de todos os proxectos pedagóxicos, e de funcionamento e xestión da escola como procedemento para obter a información precisa para establecer, se é o caso, medidas de mellora da calidade nos ámbitos que cumpra.

Toda a comunidade educativa ten o dereito e o deber de participar en ditas avaliacións, segundo lle corresponda aos órganos de goberno ou de coordinación aos que pertencen ou nos que estean representados.

A **dirección** do centro promoverá e impulsará a avaliación interna da escola e establecerá na Programación Xeral Anual un calendario que permita a súa avaliación e o seu grao de cumprimento por parte do consello escolar, do claustro e do equipo directivo.

A **vice dirección**, por delegación da dirección, promoverá e organizará os plans de avaliación interna.

O **Consello Escolar** avaliará os proxectos educativos e de xestión, a programación xeral anual e o cumprimento das normas de organización e funcionamento, sen prexuízo das competencias do claustro en relación coa planificación e organización docente. Tamén avaliará a organización e o funcionamento xeral da escola, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado, e a xestión da información entre os diferentes sectores da Comunidade educativa.

O **Claustro do profesorado** avaliará o desenvolvemento do currículo nos diferentes idiomas, así como todos os aspectos docentes do Proxecto Educativo e da Programación Xeral Anual e a organización e o funcionamento xeral da escola, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado.

Os **departamentos didácticos** farán unha avaliación continua da programación didáctica e os procesos de ensino-aprendizaxe e unha final que se plasmará nunha memoria anual e elaborarán os procedementos para

realizar a avaliación interna do departamento, que se incluírá nas programacións didácticas.

A **Comisión de Coordinación Pedagóxica** elaborará os protocolos para avaliar o resultado do desenvolvemento das programacións didácticas e do programa de potenciación da lingua galega. Así mesmo, deseñará instrumentos de avaliación interna para a súa aplicación e procesará e analizará a información obtida para poder propoñer ao claustro as medidas de mellora que correspondan.

A **persoa coordinadora do equipo de actividades culturais e de promoción de idiomas** avaliará as actividades realizadas nunha memoria que se incluírá na memoria anual da escola.

O **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** incluírá os procedementos para realizar a súa avaliación interna no programa anual de promoción da lingua galega.

Correspóndelle á Administración Educativa realizar as avaliacións externas do centro. Neste proceso participarán e colaborarán o equipo directivo, os departamentos didácticos, o claustro, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Consello Escolar.

13. Plan de promoción da EOI

- Colaboración con entidades locais como:
 - Deputación
 - Concello
 - Centros de información proporcionando dípticos do centro.
 - Ademáis da promoción do centro a través das actividades dos departamentos e do Equipo de Dinamización Lingüística.
- Colaboración a nivel nacional
 - Participación en congresos de lingua como ESOL
 - Participación en congresos estatais de EOIs.
- Colaboración con entidades internacionais
 - A través das distintas accións que ofrecen os programas Erasmus tanto con accións KA1 para o profesorado ou KA2 na que tamén pode participar o alumnado.
 - Colaboración co instituto Confucio / Hanban coa presenza dunha profesora invitada no centro.
 - Colaboración coa Embaixada do Xapón.